

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE NIVEL LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO QUE REALICE OS SEUS ESTUDOS NO ANO 2022.

A Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, publicada no DOG do 7 de xullo de 2022, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que realice os seus estudos no ano 2022.

Unha vez analizadas e resoltas pola Comisión de Valoración as reclamacións e renuncias presentadas contra a resolución provisional, e de conformidade co establecido no artigo 12 da devandita Orde,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal a proposta de resolución definitiva dos centros beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

